



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DO XXVII PREMIO INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME (2024)

EXPEDIENTE Nº 2024/X999/000237

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver as bases reguladoras que rexerán o XXVII Premio de Investigación Concello de Pontedeume.

Tendo en conta o informe de fiscalización de 08/07/2024 no que certifica a existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento de 2024, para a aprobación do presente gasto, a imputar na aplicación orzamentaria 3321.48005, por importe total de 1.200,00 € (documento contable de retención de crédito número 220240006315)

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Aprobar as bases reguladoras que rexerán o “XXVII Premio de Investigación Concello de Pontedeume”, que se transcriben a continuación:

“BASES DO XXVII PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME”

1.- O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca, dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Etnohistoria.

2.- Establécese un único premio dotado coa cantidade de **1.200 € ***.

3.- A lingua empregada nos traballos será a galega.

4.- Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos, non premiados con anterioridade ou estean pendentes da decisión dun xurado noutros premios. Non se admiten traballos presentados en edicións anteriores deste premio.

Entregaranse catro exemplares do traballo impresos con letra Arial 12, interliñado 1,5, texto xustificado en papel din A-4 e paxinados; e unha versión en soporte informático (CD ou memoria externa), sen datos identificativos da autoría. A extensión do traballo será dun mínimo de 50 páxinas e un máximo de 100 incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros documentos que o ilustren.

5.- Os traballos poderán presentarse directamente ou ben ser remitidos por correo certificado ao Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume, (Rúa Real, 13 - 15600 Pontedeume - A Coruña). Deben enviarse nun sobre pechado no que conste na pate exterior: nome do premio, ano da edición e título do traballo. No seu interior e noutro sobre pechado constarán os seguintes datos: nome e apelidos da persoa autora, enderezo postal, número de teléfono, correo electrónico e fotocopia do DNI.

6.- O prazo de presentación remata o **13 de setembro de 2024**.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7.- A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen, así como a súa decisión, comunicárase ás persoas participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación.

8.- A resolución final do xurado darase a coñecer o día **15 de novembro de 2024**.

9.- O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.

10.- A acta da decisión do xurado farase pública na páxina web do Concello de Ponte deume.

11.- As persoas organizadoras do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente ás persoas participantes.

12.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese, serán publicados na revista de investigación local **Cátedra. Revista eumesa de estudos**.

13.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases.

* Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F (R.I.R.P.F. art. 70)

INFORMACIÓN: Telfs.: 981433054 ou no correo@pontedeume.gal

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación 3321.48005 do orzamento municipal da anualidade de 2024.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – N° REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal